

Edita: Club Montañeiros Celtas.
 Dirección: Xulio Troitiño Dapena
 Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto
 Traducción: Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Enrique González Cameselle
 Colaboran neste número: Fernando Fernández, Maxi Rivas, Federico, Rubén Redondo, Silvia Guimarey e as seccións deportivas do club.
 Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola
 Presidencia da Xunta
 de Galicia.
 Secretaría Xeral de
 Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora
 Concello de Vigo
 - Área de
 Participación
 Cidadá



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 95

NOVIEMBRE - DICIEMBRE 2008

Editado 21/11/08

VINDEIRAS ACTIVIDADES

DECEMBRO	6-7-8	Asturias	Quirós	S.D. Montaña
	6-8	VIII Campamento Extraterritorial de Espeleoloxía FGE		FGE
	14	Portugal	Gêrés	S.D. Sendeirismo
	13-14	Monte Aloia	Marcha Nocturna	S.D. Infantil
	16	Local Social	Festa fin de ano	S.D. Infantil
	21	Illas Cíes	Inmersión submarina dobre	S.D. Subacuáticas

XANEIRO	10	Sendeiro dos mortos		S.D. Sendeiros
	11	local social	Asamblea GES-Cea	S.D. Espeleo
	24	local social	Xornada de encerado e mantemento de esquís	S.D. Esquí
	25	Inmersión na Ría de Vigo		S.D. Subacuáticas
	24-25	León	Montes Aquilianos	S.D. Montaña
	31 xan-1 feb	Mondoñedo	Xornadas de progresión vertical	S.D. Espeleo

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres

ACTIVIDADES DE ESQUÍ E NEVE 2009

Sábado 24 de Xaneiro

Xornada De Encerado E Mantemento De Esquís

No local social a partir das 10:00 da mañá ata 13:00, faremos unha xornada práctica de preparación do material de esquí de travesía, tocando os seguintes puntos:

¿Por que encerar os esquís?

¿Cando encerar as táboas?

Materiais para un encerado caseiro

O proceso do encerado

Algúns consellos para o mantemento das táboas

Domingo 1 de Febreiro

Xornada De Iniciación Ao Esquí De Travesía A Realizar En Manzaneda

Dado que a cantidade de material de esquí que temos no Club é limitado, faremos unha xornada para practicar a colocación de peles de foca, ascensión con esquís e descenso, e tamén a utilización do ARVA. Actividade destinada a socios sen experiencia e interesados en achegarse ao esquí de Travesía, pero que xa teñan algún coñecemento do esquí en pista.

O transporte será en vehículos particulares. A actividade iniciárase sobre as 10:00 da mañá na estación de esquí de Manzaneda.

Paseo Con Raquetas De Neve A Realizar En Manzaneda

Farase un paseo con raquetas de neve por Manzaneda, tendo en conta que este material non está pensado para salvar desniveis nin para andar en chans duros, por iso nos se empregan para realizar ascensións de alta montaña.

Os itinerarios para pasear con raquetas de neve teñen que ser relativamente lisos, e sempre nevados e fáciles de percorrer, como camiños ou pistas forestais.

O Club porá a disposición dos socios as raquetas, e farase un percorrido posiblemente ato o cumio de Manzaneda. A actividade levarase a cabo ao mesmo tempo que a de esquí de travesía, tratando de coincidir no percorrido

Sábado 21 de Febreiro e Domingo 22 de Febreiro

Xornada De Esquí En Alto Campoo Cantabria.

Clásica saída anual de esquí alpino que este ano imos cambiar da estación de San Isidro á estación de Alto Campoo en Cantabria.

Sairase puntualmente o Venres ás 20:00 h fronte ao Club, chegando sobre a 1:30 h da madrugada ao Albergue.

O Club encargárase das reservas do albergue e forfait. O material poderase alugar na estación, e despois de dous días esquiano, o domingo, sobre as 17:00 h iniciaremos o retorno a Vigo.

Sábado 14 e Domingo 15 De Marzo

Actividade De Esquí De Montaña No Porto San Glorio Cantabria.

Actividade de Esquí de travesía, dirixida a deportistas que teñan experiencia neste deporte, xa que ten unha dificultade medio-alta.

Írase en vehículos particulares, con chegada o venres para durmir.

A actividade máis importante será a do sábado de mañá cedo. Pola noite ceárase no albergue e o domingo organizarase outra actividade máis suave, para regresar a Vigo despois do xantar.

Posibilidades de percorridos. Porto San Glorio Coriscao 2.234 m. alto de la Triguera 1.890 m.

Neste número:

Actividades De neve	1
Axenda	2
Novas	2
Bici de Montaña	2
Infantil Xuvenil	3
Montañismo	4
Actividades Subacuáticas	5
Espeleosección	7
Vindeiras Actividades	8

AXENDA

DATA	LUGAR	TIPO DE EVENTO	PONENTE
16 xaneiro	Local Social	Ciclo de cine documental	Xacobe

NOVAS

Festa de Nadal

Outro ano máis! Que si, que o Nadal está aí á volta da esquina, e como cada ano o club organiza a festa de despedida de fin de ano.

O evento terá lugar no local social o vindeiro día 19 de decembro e prométese moita diversión e fartura. Animádevos a participar co club para que a festa deste ano sexa inesquecible!



BICI DE MONTAÑA

Bicicleta de Montaña pola Serra do Xurés 12-10-2008

A BTT non soamente é unha forma de facer deporte, que o é, senón que é tamén un xeito de coñecer, novas paraxes, nova xente, incluso aqueles que cremos coñecer ben nos amosan, en situacións 'complexas' - algún camiño que non aparece no mapa, unha bicicleta que ten que ser amañada, unha mochila sen comida suficiente ou con bocatas de máis, aspectos da súa personalidade que doutro xeito non descubriríamos. Saímos de Vigo o sábado pola tarde para chegar a Alvite con tempo de deixar as bicicletas e de ir ceiar. E é aquí onde empezamos a aprender. Primeiro grazas á Sra. Ernestina, encargada das chaves do refuxio. Se todos os que son responsables de algo importante, un parque natural, por exemplo, puxeran o mesmo interese que ela outro galo cantaría. Que se temos os carnés, que sen eles é máis caro, que nos servizos das mulleres non poden entrar os homes, 'eh, que non entren aquí os homes, que ademais logo hai que limpar'. E que dicir de aqueles carteis, de cartón marrón e pintura, feitos a man, advertindo do perigosa que é a estrada. Claro que eran efectivos, hai que pasar moi a modiño se queremos saber o qué din.

Claro que a carón de personaxes tan voluntariosos como Dona Ernestina e o autor dos sinais de tráfico, hai outros personaxes como aquel 'construtor' que arranxou moitas de aquelas casas da zona, con bloques, por suposto, que son moi prácticos e baratos. Claro que as casas antes eran de pedra, e Alvite está en pleno Parque Natural, pero...

Dicía que as saídas en BTT son unha forma de coñecer. Esa noite iamos seguir aprendendo. Antonio sabía dun sitio para comer, cerca de alí, en Calvos de Randín, A Touza. Pois nada, alí imos, a tomar chuleta de cachena e o saboroso xeado de estrugas, que nunca probáramos antes. Éxito total.

Ao día seguinte era feira en Lobios, punto de partida da marcha en bici, tras unhas voltas conseguimos aparcar e empezamos a... subir como non. Uns 600 metros nos

primeiros oito quilómetros. Aquí seguín a aprender. O comezo era duro, moi duro, algún dos participantes non tiña moi claro o de facer a marcha completa. Pero a forza de vontade pode máis que a razón e que a rigidez nas pernas e ninguén deu a volta. Sería unha mágoa porque a ruta transcorría por unha zona cunhas vistas increíbles, cruzando regatos con pozas impolutas ou por aquela prolongada baixada entre pinos, onde incluso os ruídos da máquina que monta Vázquez parecían trinos de paxaros, o Camiño das Sombras, creo que se chama. Foi chegando a parte máis alta da ruta, onde hai unhas canteiras, semellan que abandonadas, onde me lembrei de novo da señora Ernestina. Sei ela fora a responsable do parque, aquilo non estaría así, dando unha imaxe de deixado tristísima.

A última parte da ruta transcorría pola Vía Nova ata chegar ao balneario de Riocaldo, a carón do río. Aquí aproveitamos para recuperarnos da tralla que nos déramos cun baño reparador. Pero a recuperación plena acadámola co churrasquiño que papamos para rematar a saída.

En fin, foi unha saída das que animan a seguir sufrindo na bici, pois este sufrimento queda totalmente compensado pola enriquecedora experiencia vivida.

Maxi Rivas



Club Montañeiros Celtas

ESPELEOSECCIÓN

CAMPAÑA EXPLORACIÓN HORNIJO 2008

A pesar de que xa pasou o verán hai tempo, queremos resaltar dende a Sección de espéleo a Campaña de exploración na Serra do Hornijo (Cantabria) durante a primeira semana de agosto. Seguimos coa exploración na zona de traballo que nos cede a Agrupación Espeleolóxica Ramaliega (AER) e este ano cambiamos a ubicación do campamento base, para estar máis preto da zona de exploración. Xente nova (Fátima, Óscar Q., Miguel) e outra que repiten. Este ano non obtivemos grandes resultados pero o tempo acompañounos case toda a semana.

Este ano marcamos 33 novas cavidades e 4 simas xa coñecidas, sendo exploradas 29 simas sen que ningunha ofrezca continuidade. Estas cavidades son, en xeral, pequenos pozos de 10-50 m de profundidade, sen apenas desenvolvemento. Son fracturas do propio lapiaz ou están asociados a fenómenos de colapso (dolinas de colapso).

Para o ano que vén esperamos continuar coa prospección da zona noutra campaña en verán. Continuarase revisando a H4-H6, así como outras pequenas simas que quedaron sen mirar.

A Sección



13º CAMPAMENTO INFANTIL-XUVENIL DE ESPÉLEO

Durante a fin de semana do 27-28 de setembro, celebramos a decimoterceira edición dun campamento xa consagrado na sección. O campamento desenvolveuse na Serra de Enciña de Lastra, tomando como base o refuxio que a Federación Galega de Espeleoloxía dispón na localidade de Cobas, ao NE do Concello de Rubiá (Ourense).

Este ano os nenos que participaron foron Antón e André García, Rodrigo e Javier Alejano, Bruno Casal, Alberto Rodríguez, Estela Malvido, Manuel e Ana Mariño, Samuel Lago, David Blanco, Candela Reboiras e Marta de Oca. De maiores fomos Emilio B., Lourdes C., Carol R., Fátima F., Óscar Q., Daniel B., Miguel C., Eugenia C., e Guille O.

O sábado, unha vez que chegamos ao refuxio, o grupo dos maiores foron á Cova de Cornatel e os máis pequenos foron á Pala da Zorra.

Á volta, moito rebumbio de cascos, botas, monos sucios,...etc antes da cea, que consistiu nuns ricos

espaguetes con verdura que fixeron as delicias de todos. O domingo foi día de prácticas de vertical para os pequenos e da travesía K1-Cubelas para os demais, que tiveron que facer números para poder saír nun bote que máis se parecía a un coador que a un bote pneumático.

Volta ao refuxio para comer e recoller todo, limpar e volver para Vigo.

A sección

mus
aventura

Pontevedra

“A XEFA” ou “CÓMO XERAR O CAOS”

5 outubro 2008

Non sei exactamente que foi o que fixen, pero debínome de portar moi mal como para que Óscar, nesta ocasión, me pasara o relevo e me denominara “a xefa” ou “a que corta o bacallau”. Así que me tocou negociar co club Calderón o prezo e a data da inmersión.

O anhelado evento foi o domingo 5 de outubro; erguémonos ben cedo para atoparnos en Panxón, apuntáronse 12 persoas: Celia e o seu irmán, Óscar, Lucía, Rubén, Pablo, Carmen, Diego, Flor, Silvia... pero houbo 2 baixas, Celso e Alberto que estaban maliños... outra vez será compis...

“Temos que falar” díxome Javier o dono do club (a min sooume a frase de película, pero xúroo, eu non teño ningún tipo de relación sentimental con este home)... En fin, mala forma de comezar un domingo no que houbo que madrugar, e este home pretende botarme unha bronca? Postos os puntos sobre os “is” sobre “quen dixó que cousa”, con ánimos inalterados, pagamos, repartimos equipos e vamos montar e vestirmos ao molle, que sempre está ben darlle un pouco de vidiña a pobo exhibindo os nosos atléticos corpos ¿Quen dixó frío habendo vestiarios?... Non facemos máis que queixarnos, pero se era un día ben lindo todo para nós e co mar coma un prato (destes detalles tamén me encarguei eu persoalmente).

Baixamos os equipos á embarcación noviña do trinque, Javier procedeu a explicarnos como era a inmersión e a fauna no pecio Antártico. Seguidamente, Óscar recordounos que a seguridade é o primeiro e distribuíunos en grupos e por parellas. A min tocouse coa miña compi Flor que fixo o curso de mergulladora recentemente, e con Óscar e Rubén. Chegamos ao punto, axudamos a equipar aos nosos compis e á auga patos. Como eramos moitos a cousa foi lenta, a impaciencia con nome de Javier, quería romper os grupos de mergullo establecidos, pero pouco a pouco foron baixando como se acordara.

O noso grupiño foi o último en baixar, comezamos o descenso cando de repente, noto algo estraño ao respirar, inténtoo de novo... “Ai!!! Pero senón teño aire!!!” así que subo xunto Óscar, que xa ten experiencia nestes casos, a que me abra a botella (son moi solidaria cos despistados).

Fomos baixando, Flor mais eu chegamos ao final do cabo e esperamos a que baixara o resto do grupo, cando vexo a un fugaz Calderón que agarra da man á miña compañeira e a leva con el... nestes momentos é cando abro a paréntese da discusión sobre qué facer nestes casos:

- a. Debería ir coa miña compañeira secuestrada polo instrutor e pasar dos outros compañeiros que non baixaran aínda?
- b. Debería tratar de arrebatara a Flor do cruel Caldeirón?
- c. Debería esperar ao resto dos compañeiros para tentar explicarlles (xa sabedes, burbullas polo medio...) que a miña compañeira foise co instrutor en contra da súa vontade?

Non sei se a opción C é a correcta, pero foi a que tomei. Tampouco sei que foi o que pasou neses intreos ente Flor e Javier. Así que cando Óscar se decatou da súa ausencia, comezou o seu nerviosismo. Acto seguido, Javier me devolve a Flor entregándome a súa man; parece ser que a tiña que levar da man eu tamén... Sendo consciente de que a miña compañeira non tiña demasiada experiencia, dinlle un voto de confianza á súa autonomía e sen quitarlle un ollo de enriba, deixeiina libre e foi perfectamente, controlando a súa flotabilidade en todo momento e sen despistarse. Así que por fin, comezamos a gozar da inmersión.

O buque non era demasiado grande, pero si que é curioso ver todas as estruturas oxidadas e cheas de vida e as bodegas e ocos do casco. Tamén se deixaron ver algúns lábridos, un pequeno cardume de fanecas e unha lebre de mar enorme. Demos unhas cantas voltas ao pecio, cruzándonos cos nosos compis e saudando de cando en vez á cámara de Pablo. Ao pouco tempo a Rubén rematoulle o aire, así que Óscar acompañouno á superficie, mentres nós esperaríamos curioseando sobre o casco, cando entra en escena Javier e dinos que subamos; confeso que me indignei porque levabamos 28 minutos de inmersión e 150 bares de aire!!! Pero comezamos o ascenso, cando nos topamos con Óscar que baixaba, coméntolle o que pasou (burbullas polo medio...) e indícanos que baixamos de novo. Aquí sería outro punto para abrir a paréntese de discusión sobre qué facer nestes casos, pero non o vou facer. Eu quería baixar.

Damos outra volta ao pecio e incluso tentamos afastarnos un pouco por ver se topabamos algunha rocha de interese pero tan só había un mar de area. Voltamos ao buque e unha vez máis, un apertón no meu brazo de Javier e vólleme dicir que subamos...” vou ter pesadelos con este home... ¿Fago a parva como que non entendo como fai Pablo?” pensei. Esperei a ver que decidía o meu grupo e subimos. Estábase levantando algo de mar, por iso tanta présa... así que algún compi foi moi xeneroso cos peixes...

Repasando estas palabras, decátome que son demasiado irreverente como para ser “xefa” así que renuncio do meu cargo!

Silvia Guimarey



Club Montañeiros Celtas

Campamento de Outono Infantil
Pena Trevinca (Vilanova, refuxio A
Folerpa)
8-9 de novembro

Manchando as mans

E tamén se escalou

Un bó lume para facer un magosto

Os rapaces gozaron de fermosos paseos
entre vacas e outros animais

**MONTAÑA EN TUIZA
4 e 5 outubro 2008**

A primeira hora da mañá do día 5 de outubro, xuntámonos un grupo de 14 montañeiros con “mono” de montaña e partimos rumbo a Tuiza. Aínda que nos quedaban unhas cantas horas de estrada, podían máis as ganas que o madrugón. Unha vez na vila de “Tuiza de Arriba”, tomamos a dirección do refuxio do “Meicin”, para deixar as mochilas e despois de recuperar forzas coa comida, decidimos subir a “Peña Cerreos” con bo ánimo e gañas, unha subida bastante tranquila, pisando as primeiras neves da tempada -escasa, pero algo e algo-. Na baixada, tanto Oli como Nacho decidiron acercarse ao “Ubiña Pequeno”, para estirar un pouco máis o día, mentres o resto do grupo decidimos baixar caro ao “Meicin”, con máis ganas de cear que doutra cousa. O pote estaba boísimo -e os chistes de Carlitos, como sempre-.

O día seguinte o plan consistía na subida ao “Siete”, unha fermosa mole de pedra, aínda que un pequeno grupo decidiu baixar cara a Tuiza e darse un paseo ata o “Tapinón”. O resto do grupo comezamos a subida ao “Siete”, a través dunha estreita senda que nos levou ás proximidades da pena, aí a maioría do grupo decidiu que xa cumprira o seu cometido, e acordou esperar a Oli e Federico, que estaban con ganas de trepar pola parede, nunha “trepada” moi gozosa e sobre todo o seu descenso, no que a neve dos días anteriores deixaron a pedra húmida coa conseguinte dificultade. E coas ilusións cumpridas e o “mono” curado, encamiñámonos a Tuiza para toparnos co resto dos compañeiros, onde despois de recuperar forzas cunha merecida comida, desandamos o camiño de volta en dirección a Vigo.

Federico.



**VINDEIRAS ACTIVIDADES
OS UBIÑAS-QUIRÓS
6-7-8 Decembro**

Saída conxunta co Club Peña Trevinca

Saída: O sábado de mañá dende a Praza de España

OPCIÓN TRAVESÍA: o grupo de travesía quedarase en Torrebarrio para dirixirse cara ao “Ubiña Pequeno” e Peña Cerredos. Pasarase a noite no novo refuxio do Meicín e o domingo proseguirase subindo ao Faiñentu, baixando posteriormente aos prados de Aguirra e pasando pola Foz Grande, para saír a Lindes e pasar noite en Quirós, onde se xuntarán co grupo de sendeiro.

OPCIÓN SENDEIRO: para este grupo hai varias alternativas que parten dende o Porto Ventana: Huertos del Diablo Norte e Sur, baixa polo desfiladeiro do Teverga, subir ao Peña Rueda, etc.

E para o último día, xa todos xuntos, faremos un percorrido polo desfiladeiro de “Las Xanas”!

UNHA BOA SAÍDA DE MONTAÑA PARA REMATAR O ANO!!!



Chegando a La Cardosina, dende a golada de Lingleo, co Fariñentu en fronte.

ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

**CÍES - "A miña primeira saída"
20 setembro 2008**

O día 20 de setembro do 2008 foi a miña primeira saída tanto propia como con Montañeiros Celtas. Aínda que houbo pouca visibilidade, gustoume porque eu co simple feito de estar tranquilamente na auga sen escoitar nada e estar como ingravido chégame. O día empezou ás 9.45 a.m. demasiado cedo para o meu gusto jejeje, pero bo, polo que vin senón é a esa hora o día non chega a nada. Collemos o equipo e saímos dirección Cíes; creo que chegamos a iso das once e algo, nos colocamos o equipo e a mollarse, dividímonos en dous grupos pero ao entrar na auga a miña compañeira Celia e eu fomos co grupo que non debiamos XD e o noso xefe botounos a rifa baixo a auga, que aínda sen palabras

decatámonos jejeje. A miña compañeira e eu vimos un polbo e uns cantos peixes que non sei nin como se chaman, creo que se me queda algo do que vimos pero bo. Gustoume estar rodeado de algas, o único que me amolou foi que ás veces non estaba moi estable, subía e baixaba pero todo ben, coa experiencia ireino solucionando ou iso espero. Para sorpresa miña logo de subir á superficie comemos algunha lambonada e tomamos un café, para a próxima levo eu tamén algo para comer. O que me quedo claro é que vou empezar a comprarme o meu equipo que senón cada saída saíame nunha pasta. Estou desexando volver mollarme, se por min fora ía todos os “findes” a mergullar pero ata que teña todo o equipo non mo podó permitir. Un saúdo.

Rubén Redondo